



A normativa establece o prazo do 1 ao 15 de febreiro para que os alumnos de 6º de primaria fagan a reserva de praza para o próximo curso nos centros de adscrición, neste caso o IES As Lagoas.

Con este motivo, aos órganos directivos deste instituto pareceunos oportuno dirixirnos aos pais, nais e titores legais co fin de mostrarlles as características do noso centro, aclararlles as dúbidas sobre as novas ensinanzas a que accederá o fillo ou filla e animalos a que vaian formalizando a incorporación ao Instituto superando calquera reserva que se cadra poidan ter. Tamén cremos que é unha oportunidade para que nos transmitan as inquietudes que poida haber para telas en conta no posible na nosa práctica educativa.

Por todo isto, a dirección do IES As Lagoas, en combinación coa dirección do colexio, convócaos á reunión que terá lugar o próximo **día 12 de febreiro, ás 17 horas, no IES As Lagoas.**

Animámoslos a que asistan. Atentamente.

Ourense, 29 de xaneiro de 2019.

Carlos F. Varela, director do IES As Lagoas.

SRS. PAIS E NAIS DOS ALUMNOS DE 6º DO CEIP AS MERCEDES. OURENSE